

# VIEIROS

Cartafol

Xestionado por [Héitor Mera](#)

Alfonso Pexegueiro: O lago das garzas azuis

## Os cantos dos homes son máis fermosos que os homes, dixo o poeta

*O lago das garzas azuis*

**Alfonso Pexegueiro**

*Xerais, Vigo, 2005. 103 páxs., 9* ◆

Dende o ano 1994, cando publicou este libro traducido ao castelán, vimos esperando a saída no seu idioma orixinal ◆ *O lago das garzas azuis*. Mais este poemario amosa algo que o fai especial: os poemas-imaxe de Xosé Freixanes, que enchen de misticismo un territorio por explorar. Porque dende sempre a palabra de Pexegueiro dialoga cos cadros, ora cos traballos de Vázquez Diéguez en *Seraogna* ora cos deseños de Moldes para *O deserto de Nabalpam*.

- 11:50 19/12/2005

Sabiamos deste lago a través de textos que o poeta foi debullando dende que nos penetrou naquel *Deserto de Nabalpam*. É que a obra de Pexegueiro non se pode observar illadamente. Coma unha penélope, tece unha grande tea na que todos os elementos comungan da mesma man. Aquel lector que guste deste poemario cómprelle ler a contraño unha serie de textos; debe comezar c ◆ *O deserto de Nabalpam*, pasar a *¿Serán os cisnes que volven?*, *O reiseñor dos Balcáns* e *Dados Blancos* (destaca o conto de Lu). Mais non se poden esquecer retallos que nos informan deste lago en poemarios como *Hipatia* (no lago só se fai referencia a un personaxe con nome Chal, que aparece no poema "A muller e o rei" deste libro) ou tamén n ◆ *A illa das mulleres loucas*.

A violencia e a guerra son os temas centrais deste libro. Ao igual que o poeta turco Nazîm Hikmet, o poeta procura un ton crítico co mundo que o rodea. Poderíamos dicir que é este un canto contra dos homes, cazadores de reiseñores brancos ou dos balcáns (ver a revista *A trabe de Ouro* no ano 1999). Asemade a información sobre a miseria do mundo tamén nola ofrece no post scriptum e nas notas de prensa finais (que ben merecían ser traducidas) procurando un contraste entre o xénero poético e o realismo miserable. O ser humano sitúase nun espazo illado: o deserto, territorio tamén pechado ("fantasma analfabeto que procura saír da súa gaiola e sempre se atopa pechado").

Por outra banda, os protagonistas deste texto (creo que aquí non se pode utilizar o termo "conto" utilizado noutras reseñas deste libro) son os nenos e as mulleres vítimas da historia; o neno como home aínda sen construír ou destruír polo sistema. Veláí unha vertente de poesía crítica que Pexegueiro cultivou dende as súas orixes nas *Follas de resistencia poética* dos anos 1976 e 1977.

Mención a parte merece a figura feminina. Na obra do poeta destacan dous textos que debe ter en conta o lector á hora de observar como se caracteriza a muller. Ora n'*A illa das mulleres loucas* ora en *Hipatia*, Pexegueiro crea a heroína femia que ben se representa nun espazo natural coma a illa, ben se recorre a unha figura histórica como Hipatia, sendo estas as verdadeiras protagonistas desta descrición sobre a opresión do home (cómpre cotexar "o tempo dos homes" co espazo idílico da illa noutros textos).

Antón Patiño dicía que o home precisa de signos porque non está completo. O mesmo considera Pexegueiro cando nos recrea cos seus textos. Neste lago fainos profundar nun dos temas máis recorrentes na obra do poeta: a violencia e o terror exercidos por homes contra homes, baixo o ollar da infancia. Tamén aproveita o poeta para cantar contra estes tempos incertos: "A linguaxe desaparecerá da memoria". Unha mestura entre fábula tradicional e bo facer poético.

[mércao en Andel](#)